

O Discurso dos Xornais Surinameses sobre os Inmigrantes Brasileiros (2007-2010)¹

DA SILVA OLIVEIRA, *Rafael* [rafasolufrr@gmail.com]
Universidade Federal de Roraima

[Received May 2012; accepted December 2012]

Resumo

Dende mediados da década de 1980, brasileiros migran para o Surinam coa intención de traballar na minería do ouro a pequena escala. Tal dinámica contribuíu para constitución dunha comunidade brasileira no Surinam, cada vez maior e máis participativa da vida económica dese país. Con todo, os brasileiros sofren diversos estigmas e preconceitos que dificultan a súa integración, sendo os medios de comunicación grandes vectores das imaxes estereotipadas sobre os brasileiros. O artigo ten como obxectivo reflexionar sobre as imaxes estereotipadas dende o discurso dos xornais online surinameses sobre os inmigrantes brasileiros.

Palabras clave: Inmigrantes brasileiros, Surinam, Medios de comunicación, Imaxes estereotipadas

Abstract

Since the mid-1980s, Brazilians are migrating to Suriname with the intention to work in small-scale gold mining. These dynamics contributed to establishment of a Brazilian community in Suriname, growing and more participative of economic life this country. However, the Brazilians are stigmatized, and the media contribute to stereotypical images about Brazilians. This research aims to reflect on the stereotypical images from the discourse of Suriname's online newspapers about Brazilian immigrants.

Keywords: Brazilian immigrants; Suriname; Media; Stereotypical.

¹ O presente artigo é unha adaptación dun fragmento da Tese de Máster en "Planificación e Estratexias Territoriais na Sociedade da Información", defendida na Universidade de Santiago de Compostela, en marzo de 2012, titulada "Da construción de imaxes estereotipadas as prácticas excluíntes: o discurso dos xornais online surinameses sobre os inmigrantes brasileiros". Aproveito para rexistrar os meus agradecementos a Profa. Dra. Rosa María Verdugo Matés, pola dirección e apuntamentos ao longo da investigación, e aos profesores Dr. Xosé Carlos Macía Arce e Dr. Francisco Xosé Armás Quintá, polas valiosas suxestións e críticas.

1. Introducción

Os medios de comunicación posúen papel preponderante na (re)construción e no fortalecemento de imaxinarios racistas (Wieviorka, 2007), sobre todo debido ao dinamismo dos fluxos de información sen precedentes vivenciado pola chamada Sociedade da Información. Fernandes (2010: 01), ao escribir sobre o tema, subliña que “a prensa e os demais medios de comunicación colaboran para un comportamento segregacionista”, podendo así ocasionar en diversos problemas e obstáculos nas relacións sociais cotiás. Polo tanto, cómpre resaltar que os medios de comunicación contribúen sobre maneira na construción da psicofera², ademais de ocuparen “lugar central nas disputas pola hexemonía e pola fixación dos significados sociais” (Mendonça, 2008: 143).

Tal contextura tórnase aínda máis complexa cando agrégase, nesa trama entre medios de comunicación e racismo, a figura do inmigrante. Matés (2008) nos chama atención de que a creación e a difusión de preconceitos contra os inmigrantes, por parte dos medios de comunicación, “*som grandes obstáculos para levar a cabo a integración dos imigrantes*” (Matés, 2008: 03).

Fronte ao exposto, é fóra de dúbida que a imaxe estereotipada do inmigrante como problema está presente en distintos puntos da superficie terrestre, asumindo contornos, dinámicas e involucrando actores a partir das máis variadas particularidades. De entre os numerosos casos de prácticas violentas, veiculadas polos medios de comunicación en detrimento de grupos minoritarios, convén destacar aqueles involucrando inmigrantes brasileiros que traballan nos garimpos³ de pan-Amazonia, especialmente no Surinam.

Dende o principio dos anos 1980, garimpeiros⁴ realizan arriscadas travesías visando cruzar a fronteira cara ao Surinam para traballar na minería de pequena escala, ocorrida maioritariamente dentro dos territorios quilombolas (Hoogbergen; Kruijt, 2004; Oliveira, 2011a). Tal fluxo migratorio Brasil→Surinam tornouse aínda máis intenso a comezos da década de 1990, no transcurso dos cambios ocorridos na lexislación

² Milton Santos (1998) ao estruturar discusión teórica para comprender o espazo, propón análise da realidade dende o par dialéctico psicofera e tecnofera, no cal ambos constitúen o medio técnico-científico informacional. Nas palabras do autor, a tecnofera “é o resultado da crecente artificialización do medio ambiente” (Santos, 1998: 32), a través da súa racionalización e tecnificación. Xa a psicofera é entendida como “o resultado das crenzas, desexos, vontades e hábitos que inspiran comportamentos filosóficos e prácticos” (Santos, 1998: 32), sendo, tamén, a construción das subxectividades e normas de convivencia establecidas no medio das relacións interpersoais.

³ Utilizaremos o termo “garimpo” como sinónimo de minería en pequena escala.

⁴ Cómpre salientar que o nome dos traballadores implicados directamente na minería de pequena escala varía segundo a nacionalidade, por exemplo: *barequeros* (Colombia); *porknockers* (Surinam e Güiana); *chichiqueros* (Perú); *garimpeiros* (Brasil). Polo tanto, empregaremos o termo “garimpeiro” exclusivamente en referencia aos brasileiros que traballan na minería do ouro en pequena escala, independentemente do país onde exercen tales actividades.

brasileira que alteraron considerablemente a práctica e a fiscalización da garimpagem (Silva; Oliveira, 2008). A partir das presións establecidas polo Estado brasileiro, miles de garimpeiros comezaron a emigrar, a partir de longas xornadas de travesía no medio da selva amazónica, para os países limítrofes que integran a pan-Amazonia, especialmente aqueles situados no extremo norte do país – sendo o Surinam un dos principais destinos.

Dende ese marco migratorio até a actualidade, o referido eixe migratorio Brasil–Surinam ten se consolidado progresivamente. Tal afirmación pode ser referendada coa observación dos datos publicados polo *Algemeen Bureau voor de Statistiek*⁵ (ABS, 2009). En 2004 rexistrouse a entrada de 4.260 brasileiros, mentres que nos anos seguintes foron 5.818 (2005), 7.013 (2006) e 7.474 (2007). Ademais, os brasileiros representan actualmente o cuarto grupo que máis migra a este país, despois só de Holanda, Güiana e Francia (a través da Güiana Francesa).

Tal fluxo tan significativo débese pola busca por mellores condicións de vida nas áreas de garimpo (e nos servizos indirectamente atrelados a esta actividade), atraendo así miles de brasileiros que buscan mellores oportunidades de vida no Surinam. Diante dos incontables fluxos irregulares e de traballadores inmigrantes que entran como turistas e permanecen a vivir e traballar no medio da selva, é imposible precisar o continxente de brasileiros no Surinam. Con todo, algunhas estimacións contribúen para ter unha idea da dimensión da presenza brasileira no Surinam. O Ministério das Relações Exteriores do Brasil calcula a existencia de, aproximadamente, 20 mil brasileiros (entre regulares e irregulares), representando así case 5% da poboación dese país (MRE, 2011)⁶.

Con base nesa exposición sumaria, cómpre rexistrar que o presente artigo ten como obxectivo reflexionar sobre o papel dos medios de comunicación, particularmente dos xornais *online* surinameses, na construción de imaxes, en súa maioría estereotipadas, dos traballadores inmigrantes de orixe brasileira. Polo tanto, recórrase á análise das reportaxes publicadas nos dous principais xornais *online* dese país (o *De Ware Tijd* e o *Times of Surinam*) coa intención de entender a cobertura dese medio de comunicación, entre os anos de 2007 e 2010, dos principais acontecementos que inclúen traballadores inmigrantes brasileiros.

Xa a investigación e a recollida de datos ocorreron a través dos sitios dos dous xornais supramencionados, pois ambos divulgan dixitalmente as mesmas reportaxes que son publicadas na súa versión impresa. Logo, se pode analizar as noticias que chegan aos lectores surinameses en soporte tradicional (xornal impreso). Ademais, tamén foron realizadas investigacións de campo, entre 2009 e 2011, co principal obxectivo de

⁵ Servizo Xeral de Estatística.

⁶ Segundo o último censo realizado no Surinam en 2004, o país posúe 492.829 habitantes (ABS, 2005).

entrevistar brasileiros e surinameses (a partir de conversacións informais e entrevistas abertas).

Fronte ao exposto, faise necesario explicitar a estrutura do artigo, que está subdividido en tres seccións. Na primeira, discútese brevemente sobre a presenza brasileira no Surinam (na súa maioría irregular e fluída), a importancia do garimpo para a economía do país e os principais sectores da economía onde os inmigrantes brasileiros traballan. A continuación, analízanse os discursos sobre os traballadores inmigrantes brasileiros a partir dos dous principais xornais do Surinam (*De Ware Tijd* e *Times of Suriname*), entre 2007-2010. Aínda, trata o alcance e as consecuencias dos estereotipos creados, reflexionando sobre como tales estigmas reforzan o preconceito da sociedade do Surinam en relación á crecente presenza demográfica e importancia económica dos brasileiros como un grupo etnicamente diferente de emigrantes. Por fin, son abordadas algúns exemplos de consecuencias atreladas (in)directamente a tales imaxes estereotipadas – tanto aquelas que dificultan a integración da comunidade brasileira no Surinam canto iniciativas dos propios inmigrantes visando a superación de tales barreiras (i)materiais.

2. Brasileiros no Surinam

Conforme xa rexistrado, dende a década de 1980 o Surinam ten sido o destino de brasileiros, que migran para ese país, atraídos polo ouro. Con intensa mobilidade entre as fronteiras, desconsiderando os límites dos Estados da pan-Amazonia, os garimpeiros realizan travesías cotiás, por moitas veces arriscadas, para traballaren en áreas de garimpo (Theije; Heemskerk, 2009).

Os territorios do garimpo no Surinam están situados, especialmente, no sueste do país, na fronteira coa Güiana Francesa. A presenza predominante de traballadores nas áreas de garimpagem é de orixe brasileira, sobre todo, dos estados do Maranhão e Pará (Höfs, 2006; Oliveira, 2011b). A maioría dos garimpos está situada dentro dos territorios quilombolas. A pesar de estar en situación irregular para o Estado surinamés, os territorios da garimpagem son controlados polos quilombolas a partir do establecemento de taxas, regras e normativas para o funcionamento desta actividade. Os quilombolas, ademais de controlaren e administrarem os garimpos, tamén actúan na venda exclusiva de combustibles e produtos necesarios para o mantemento da minería en pequena escala.

Cómpre mencionar que mesmo actuando de forma irregular, os quilombolas lexitiman a presenza dos garimpeiros, chegando, nalgúns casos, a establecer control do pagamento de taxas mediante a emisión de comprobantes de recebimento. A relación e acordos establecidos entre

brasileiros e quilombolas, así como os recibos de pagamento nada valen para o Estado que, periodicamente, actúa reprimindo a presenza dos garimpeiros.

Mesmo coas leis, códigos e normas establecidas, a territorialidade brasileira está presente a través dos diferentes usos (i)materiais, cuxo idioma, as músicas, as comidas, entre outros, contribúen cara obxectivar eses territorios e reterritorializar un anaco do Brasil no medio da floresta surinamesa. Outro aspecto característico nos territorios da garimpagem, e que demostran os fortes lazos topofílicos co Brasil, é a presenza da bandeira brasileira e a construción de infraestrutura técnica para conectar os programas de televisión brasileiros. É común, ao visitar un acampamento de garimpo, atopar os garimpeiros reunidos para asistiren novelas ou partidas da liga de fútbol do Brasil.

Neste sentido, pódese argumentar que nese tránsito entre a territorialidade brasileira e a quilombola, ambos sofren influencias desa relación, atribuíndo especificidades aos territorios. Nos territorios da garimpagem, quilombolas falan portugués, brasileiros falan o sranantongo e outras linguas, establecen matrimonios, entre outros. Con todo, é unha relación marcada por pacto social fragilizado e baseado nas relacións garimpeiras, no cal se producen conflitos.

A pesar do nome minería en pequena escala, os garimpos actualmente posúen maquinaria como retroescavadeiras (Figura 1) que potencializan a extracción do ouro. Tal introdución técnica nos territorios da garimpagem contribuíu expresivamente dentro da balanza de exportacións do Surinam, superando a produción da minería do ouro en gran escala (Tabla 1).

Entre 2005 e 2009 a exportación do ouro procedente dos garimpos contabilizou 70.153,67 kg, mentres que a gran escala no mesmo período rexistrou 50.698,66 Kg. Polo tanto, dos 120.852,33 Kg da produción oficial de ouro, a minería en pequena escala contribuíu con 58,04%.

Cómpre aclarar que actualmente a IAMGOLD é a única que actúa efectivamente na minería en grande escala no Surinam. A través dun acordo co goberno do Surinam, a IAMGOLD exporta a súa produción, pagando 2,25% de *royalties* para o Surinam. Todo o ouro producido pola IAMGOLD é exportado para o Canadá e almacenado no *Royal Canadian Mint* (Heemskerk, 2010).

Con todo, dentro do circuíto da garimpagem unha significativa parte da produción aurífera non é contabilizada. Ese ouro ten varios destinos: é vendido para compradores e interceptadores clandestinos; é transportado sen licenza polos garimpeiros para a Güiana Francesa, Venezuela, Güiana e Brasil, ou, até mesmo, circula na economía do Surinam.

Figura 1 - Desmorte hidráulico de barranco co auxilio da retroescavadeira. Garimpo do Reinaldo (área de garimpagem "Manlobi"), Distrito de Sipaliwini, Surinam.



Fotografado polo Rafael da Silva Oliveira en xaneiro de 2010.

Tabla 1 – Total de ouro exportado do Surinam, 2005-2009.

Ano	Exportación procedente da minería en pequena escala (garimpos)	Exportación procedente da IAMGOLD	Total de ouro exportado	Participación da produción oficial de ouro da minería en pequena escala (garimpos)
	Kg	Kg	Kg	%
2005	11.655,16	10.917,32	22.572,48	51,6
2006	11.955,67	9.455,45	21.411,12	55,8
2007	13.833,52	7.962,49	21.796,01	63,5
2008	16.222,71	10.264,15	26.486,86	61,2
2009	16.486,61	12.099,25	28.585,86	57,7

Fonte: Heemskerk (2010: 64).

Tal fluxo de capital, contribúe a intensa mobilidade garimpo-cidade-garimpo de garimpeiros e demais brasileiros que traballan como comerciantes, intermediarios, traballadoras sexuais, entre outros, tornando esa trama territorial aínda máis fluída e complexa (Oliveira, 2011b).

Moitos deses traballadores inmigrantes brasileiros, tras pasaren meses nos garimpos (ou anos), se desprazan cara á capital, especialmente, para a área coñecida popularmente como Klein Belém (Belenzinho). Esta área, de predominio brasileiro, é considerada como o principal exemplo territorial urbano da centralidade brasileira no Surinam. Localizada no *Tourtonne* (situado no *Ressort Blauwgrond*, norte de Paramaribo) ten as rúas *Prinsesstraat*, *Anamoestraat* e un fragmento da *Tourtonnelann* como principais referencias da afluencia brasileira na capital. Nesa porción da cidade de Paramaribo concéntranse as principais ofertas de bens e servizos, voltos para os brasileiros e para o garimpo do país.

Belenzinho é un territorio (i)material que expresa e sintetiza a territorialidade brasileira no Surinam. Logo, nesa porción da cidade a brasilidade se traduce na paisaxe, cuxas placas e os letreiros están en portugués e presentan marcas e produtos de orixe brasileira. Camiñar polas principais rúas do *Tourtonne* é como estar nunha cidade con vocación garimpeira na rexión norte do Brasil: os produtos vendidos, a música nos lugares e o idioma practicado nada se parecen con o holandés, idioma estraño para a esmagadora maioría brasileira que migra ao país veciño.

En consecuencia, Belenzinho posúe infraestrutura e *modus vivendi* voltos para acoller os brasileiros recién chegados nas súas redes sociais xa establecidas. Con todo, tales redes e relacións, segundo Höfs (2006) son construídas e marcadas desde catro “clases” definidas no centro da comunidade brasileira no Surinam: os comerciantes (considerados a “elite” da comunidade), os garimpeiros, as *plocs*⁷ e os relixiosos (sobre todo da relixión protestante). Porén, a pesar de existir tales distincións no seo da comunidade brasileira, esas non son herméticas, xa que moitos individuos están presentes en máis dunha categoría, cuxo posicionamento identitario está intimamente atrelado aos intereses e circunstancias impostas.

É ese pedazo do Brasil no Surinam que desempeña a función de centro loxístico e de apoio ao desenvolvemento da actividade garimpeira. Desde ferramentas para garimpo, pasando por restaurantes, compra-venda de ouro, lavanderías, hoteis e *night clubs* cheos de traballadores de orixe brasileira poden ser atopados ao camiñar nas rúas de Belenzinho. Diariamente chegan e parten garimpeiros, *plocs* e comerciantes, movendo a economía co ouro extraído nas áreas de garimpagem. A movimentación de significativa parte do capital que circula dentro de Paramaribo é oriunda das relacións establecidas pola compra e venda de ouro nestes establecementos (licenciados ou non), cuxa significativa parte destes establecementos está situada en Belenzinho.

⁷ Oliveira (2011b: 203) aclara que “ploc” é a expresión utilizada entre os garimpeiros para referirse a unha traballadora sexual (“é ploc”) ou ben a unha actividade sexual comercial (“facer ploc”).

Diante da exposición, é fóra de dúbida que o pulsar da vida no Surinam e funcionamento da engrenaxe económica do país están enganches á presenza brasileira. Con todo, a pesar da participación e importancia desta comunidade no Surinam, estes traballadores inmigrantes sofren estigmas que reflicten no seu cotián, tanto nos garimpos canto na cidade. Estas imaxes estereotipadas son construídas, reforzadas e proxectadas tamén polos medios de comunicación do Surinam, potencializando así as tensións das relacións socioespaciais e dificultando a inserción da comunidade brasileira. Así, a seguinte sección dedícase a presentar unha análise sobre os discursos dos medios de comunicación surinamés, a partir dos xornais dese país.

3. Discursos e imaxes estereotipadas presentes nos xornais surinameses

Como apuntado anteriormente, cara refletirmos sobre os estereotipos reforzados polos medios de comunicación surinameses, comprendendo os principais elementos que compoñen a psicosfera dos surinameses sobre a comunidade brasileira no Surinam, recorreremos á análise das reportaxes publicadas, entre 2007 e 2010, nos dous principais xornais do país: *Times of Suriname* (TS) e *De Ware Tijd* (DWT).

Ao contrario dos xornais brasileiros, que raramente publican noticias do seu veciño, os xornais surinameses divulgan materias atreladas ao Brasil – sobre todo nas seccións de deporte e de economía e política internacional. Polo tanto, como o noso foco central é analizar unicamente o tratamento discursivo sobre a comunidade brasileira no Surinam, consideramos soamente as materias publicadas na sección *Binnenland* (asuntos nacionais) que abordan directa ou indirectamente ese grupo de inmigrantes e, tamén, reportaxes de opinión. Convén rexistrar que na páxina web do DWT (<http://www.dwtonline.com>) o acceso ao contúdo completo ocorre de balde, mentres que no TS (<http://www.surinametimes.com>) foi necesario pagar sinatura de US\$9.00 mensuais.

Durante a selección das reportaxes, dentro dos criterios supramencionados, se recolleron 944 materias, sendo 531 do TS e 413 do DWT. Significa dicir que entre os anos analizados na investigación, en media, o TS publicou polo menos unha materia sobre os brasileiros no Surinam a cada 2,74 días, mentres que o DWT a cada 3,53 días.

Con intención de mellor explicitar a análise dos datos recollidos nos xornais TS e DWT, elaboramos un cadro aglutinando as reportaxes dende os asuntos informados sobre os brasileiros no Surinam (Tabla 2).

Tabla 2 - Asuntos abordados e tratamento dos conteúdos sobre os brasileiros no Surinam.

ASUNTO	CONTEÚDO POSITIVO	CONTEÚDO NEGATIVO	TIMES OF SURINAME	DE WARE TIJD
Prostitución	---	56	22	34
Belenzinho	1	8	3	6
Garimpo/garimpeiros	2	215	119	98
Danos ambientais (uso de mercurio nos garimpos e deforestación)	---	180	97	83
Conflitos/problemas con grupos quilombolas e/ou indíxenas	---	51	23	28
inmigración ilegal	---	156	89	67
Prisión e asasinato	---	138	96	42
Tensión/conflicto coa minería en gran escala	---	63	42	21
Fuga de capital para o Brasil (envío de diñeiro e transporte ilegal de ouro)	---	24	13	11
carnaval e festa junina	20	2	9	13
Acordos bilaterais/visitas oficiais	27	---	18	9
Relixión ⁸	1	---	---	1
TOTAL	51	893	531	413

Elaborado por Rafael da Silva Oliveira en xaneiro de 2012 (a partir do levantamento nos sitios web dos xornais DWT e TS).

Conforme explicitado na tabla 5, 94,60% do universo analizado ten tratamento negativo ao abordar sobre os brasileiros no Surinam, representando así 893 materias publicadas. Nas reportaxes con conteúdo que presentan perspectiva positiva (ínfimos 5,40%), os asuntos “carnaval e festa junina” e “acordos bilaterais/visitas oficiais” concentran 92,16%, é dicir, 47 noticia mentres que os demais temas sumados perfazem só 4. Tales materias con discurso positivo versan, en particular: a) sobre a cultura popular brasileira e as festividades que se celebran en Belenzinho durante os meses de febreiro (carnaval) e xuño (festa junina) (DWT, 2009a) e; b) visita de políticos e diplomáticos brasileiros no Surinam, cuxos noticiarios remiten á promesas de mellora no tratamento aos brasileiros en

⁸ O asunto “relixión”, a pesar de pouco abordado - con só 1 ocorrencia (Boer, 2009), está cada vez máis presente no centro da comunidade brasileira no Surinam. O número de brasileiros desa fronte pioneira relixiosa e de evangelización nos garimpos vén ampliando progresivamente ao longo dos anos. Denominacións pentecostais, como a “Assembleia de Deus” e a “Deus é Amor”, vén ampliando a súa capilaridade a través da implantación de igrexas nos corrutelas de garimpo (Theije, 2008).

situación irregular, sobre todo atrelados á garimpagem (Zandgrond, 2008b; DWT, 2009b).

Os tres temas que máis figuran entre os con conteúdo negativo a imaxe dos brasileiros no Surinam (61,70%), son "garimpo/garimpeiros", "danos ambientais" e "inmigración ilegal". "Prisión e asasinato" que inclúen brasileiros é outro tema moi explotado negativamente polos xornais surinameses, sendo rexistradas 138 materias que totalizan 15,45% da amostraxe.

Mesmo non representando un cuantitativo tan significativo como os garimpeiros (principal foco das materias atreladas aos brasileiros no Surinam), as traballadoras sexuais tamén aparecen con frecuencia nos informativos de cuño despectivo (56 rexistros, representando 6,27%). Convén resaltar que mesmo co establecemento da diferenciación dos asuntos tratados nas distintas materias, o garimpeiro e a traballadora sexual son os personaxes que máis aparecen nas páxinas dos dous xornais, sempre cargados de imaxes estigmatizadas, hostís e depreciativas.

A pesar da comunidade brasileira non ser constituída só por garimpeiros e traballadoras sexuais, "no Surinam, os brasileiros teñen a súa imaxe asociada á garimpagem e ao sexo, sendo esas referencias para as relacións interpersoais" (Höfs, 2006: 79). Como demostrado no cuantitativo de reportaxes que conteñen discurso negativo, tal situación ten a contribución, en gran parte, da actuación dos medios de comunicación nacionais que reafirman tales preconceptos.

Theije (2010: 09) cando fala sobre a percepción dos surinameses en relación aos inmigrantes brasileiros e ás áreas de garimpagem, subliña que "a maioría dos surinameses xamais puxo os pés nun garimpo, a opinión deles sobre os brasileiros está baseada nestas observacións illadas". Tal afirmación corrobora co posicionamento de León (2011: 11) ao dicir que "os medios de comunicación forman parte das institucións de élite e ten credibilidade suficiente para que o público receptor acepte a avaliación que fan dos eventos actuais". Sendo así "os inmigrantes son máis coñecidos polo que os medios de comunicación falan deles que polo contacto directo que ten con a poboación autóctona" (León, 2011: 09-10).

Fronte ao exposto, garimpeiros e traballadoras sexuais son os principais focos dos medios de comunicación surinameses, atrelando a eses dous actores sociais a culpa de diversos problemas e mazelas enfrontados no Surinam, como, por exemplo, SIDA, criminalidade, deforestación, contaminación dos ríos polo uso indebido de mercurio nos garimpos, crise financeira, drogas, desestabilidade familiar, entre outros (Leeuwin, 2008; Orban, 2010).

Xa Belenzinho, mesmo con poucas reportaxes dirixidas directamente a ese barrio demarcado afectivamente polos brasileiros (só 9 rexistros), presenta elementos interesantes para a nosa reflexión. Dentro do recorte temporal establecido, só unha materia aborda positivamente sobre esa territorialidade emerxente. Co título "Integración de brasileiros no Surinam. Taki Taki⁹? Non, fala portugués!", subliña principalmente sobre o gran fluxo de brasileiros no chamado Belenzinho, atraendo diversos comerciantes chineses que investen cada vez máis nesa área con produtos dirixidos aos brasileiros e á garimpagem (Chang, 2008). Ademais de tratar o grande número de comercios e da forte presenza da lingua portuguesa en Belenzinho, o autor aborda sobre os estigmas que os brasileiros sofren no Surinam. Logo, rexistra a declaración de un brasileiro: "queremos fomentar máis a visita de surinameses [en Klein Belém]. O Brasil é rico en cultura, podemos facer máis que fútbol e carnaval. (...) Queremos demostrar que os brasileiros non son só garimpeiros e prostitutas" (Chang, 2008: 01).

Este artigo publicado no xornal DWT presenta un panorama sobre a importancia da comunidade brasileira no Surinam, influenciando na culinaria, na música e na moda do país a consecuencia do gran número de grupos musicais, de restaurantes e de tendas de roupa.

Con todo, a referida reportaxe é unha excepción, xa que a regra que predomina é o discurso xornalístico atrelando unha imaxe negativa á presenza brasileira no Surinam. Así, os Surinameses incorporan tales narrativas para compoñer un imaxinario preconceituoso sobre a comunidade brasileira no seu país.

Xa no que concerne o tema "carnaval e festa junina" ocorre o contrario, pois o predominio é de reportaxes que conteñan mensaxes positivas. De entre as 22 reportaxes atreladas ao tema, só dúas depreciam tales manifestacións folclóricas, atrelando estas conmemoracións a desorganización, a falta de respecto, a violencia e a prostitución (Bhikharie, 2008).

